


# GALICIA



É UN ARRECENDO

que se espalla nas brétemas,  
vai apalpando montes,  
congostras e casales, leiras,  
como unha máu que vai e ven, ás cegas,  
dende as uces ó mar,  
dende os mares ás serras.

É un arrecendo

ben achegado ás pedras,  
ás vellas pedras dos camiños,  
que brinca e voa hasta ás Américas.  
É unha anduriña de lembranzas,

un rousiñol, unha laberca...

¡Ai, cantar de aquil carro  
polas vendimas lentas,  
ai, maino demorarse baixo ás nubes  
o fume sobre as tellas,  
ai, cantar dos regatos,  
ai, o cheirar das herbas!...

E ise can de palleiro  
que oubela, oubela,  
á porta do misterio, antre o luar.

¡Ai, Galicia sinxela!

¿Cómo diréi Galicia  
pra que me entendan?

Estás nas fouces, nas eixadas,  
nas picarañas, nas larciras,  
Estás nas dornas.

Ai, QUE BERCES

onde Galicia vai e nunca medra.  
¡Nena, neninha loira  
de fume loiro, mais tolleita!

Galicia morredoira,

largasía restreva,  
muradana en farrapos,  
esnaquizada ermida, verba  
sin lume, largasía  
i outa lareira  
esborrallada,  
¿cómo hei falarche pra que te ergas?

¡Érguete Galicia, pedra a pedra  
e fouce a fouce,  
érguete Galicia e medra!

¡Érguete nosa terra,  
camiña ó par de Portugal,  
érguete cara Europa e berra!

¡Esquençe eixiña tanta moura estrela,  
ponte de pé nos cóns, Galicia,  
torre de Compostela!

## TERAN RAZON

Terán razón vostedes  
ou tamén eu, que vou alegre, as veces,  
si simpremente tomo us netos  
ou a raxeira estou do sol  
e bêbedo, a carón dunha rapaza,  
acarexando vóu coxas, meixelas.

Entón as verbas ledas ruben  
brincan, espállanse, eu sei que son mentiras,  
mais son mentiras, biquetas  
coas que teño de abondo  
pra derrubar, as veces, meu cansancio.

Terán razón vostedes  
i eu cando alegre estou.  
E, sin embargo, non.  
De novo aboio en míñ, e non  
hai más que eu, eu  
feríndome en pra qués, por qués, por óndes,  
perguntas soedosas  
que non se fan co pensamento,  
que bulen polos límites das horas,  
de mar a mar, de nube a nube,  
de canzón a canzón, de verme a verme,  
ben pra dentro,  
no latejar da soedá asoballada,  
cangada de lembranzas indefensas.

¿Onde pór a ledicia  
pra que se non desfaga?;  
¿onde prantar o amor que un leva ás costas,  
ónde prantalo xa pra sempre defendido?

Terán razón vostedes,  
mais eu tamén  
cando de novo veño das mentiras  
e busco unha razón que nos sosteña  
máis alá da mentira e da tristura...

## PICO DO MEDIODIA

Dende a solaina estóute ollando  
inmóvil sobre a vida.  
Téñocche medo, as veces,  
Pico do Mediodía,  
pastor de montes  
e de nubes coa Limia  
ó pé i os prados e centeos  
baixo das túas penedías,  
Compañero das águias,  
dos relampos, das irtas  
e bravas uces,  
mentras abajo quedan  
a procesión dos días  
as ringleiras dos anos,  
o traballo labrego, a fuxitiva  
pasada de homes i animás  
polos camiños, nas curtiñas  
rozando leña, labrando plazas  
e sementando arelas nas ermidas.

Pico do sol,  
grande reló que avisa  
a hora do xantar e do morrer,  
xigante xeolosía  
de soños abraiantes  
nas voces da invernía,  
dende a solaina véxote  
ergueito sobre a vida  
homilde e cavilosa dos humás,  
á espreita das espigas  
que has de moer cos teus rodicios  
de serras, montes, penedías,  
i eu déixome levar, inda que teña medo,  
pico da soma. ¡Pico do Mediodía!

Ourense, 1962

# ANTONIO TOVAR BOBILLO

